



COMUNICADO DO IESCHA

O IESCHA EN CONTRA DO PECHE DO COLEXIO DE BAAMONDE

A xunta directiva do **IESCHA** manifesta publicamente a súa oposición ao intento de pechar en Baamonde -con todos os pais e nais en contra- un Colexio ao que aínda asisten 30 nenos e nenas.

Velaí unha ocorrencia -presentada como decisión política do goberno municipal de Begonte- que **contribúe a seguir baleirando o rural** coa supresión dun servizo público esencial, cando xa conta desde hai moitos anos cos recursos humanos -que fan a súa achega á dinamización da vila- e as instalacións que posibilitan a prestación deste servizo, fulcral en calquera nación desenvolvida.

Ao tempo, a Xunta de Galicia vén de facer público que **a loita contra a despoboación do medio rural** vai ser o eixo vertebrador dos proxectos cos que solicitará as axudas da UE do fondo Next Generation EU, un plan que quere facer fronte á grave crise económica e social trala pandemia de COVID-19.

Cando seremos quen de poñer o ensino -como a sanidade- á cabeza das prioridades dunha sociedade que quere ser do benestar?

Que haberá máis importante que a sanidade ou o ensino para que unha nación siga a ter vida?

O Colexio é vida; preservémola.

A Cultura é segura; non sequemos unhas das súas fontes.

VILALBA, 8 DE XANEIRO DE 2021

A XUNTA DIRECTIVA DO IESCHA